

# FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO

**De:** Barreiro García, Marcos <marcos.barreiro.garcia@xunta.gal>  
**Enviado el:** martes, 10 de enero de 2023 11:19  
**Asunto:** Prazo de presentación e consideracións sobre autorización de espectáculos públicos e actividades recreativas

Bo día!

Respecto das dúbidas xurdidas nalgúns concellos sobre a competencia e o procedemento para a autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en mais dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e no Decreto 98/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en mais dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre facer as seguintes consideracións:

- **Sobre a competencia para autorizar este tipo de actividades:**

- A Lei 10/2017, do 27 de decembro, dentro das competencias municipais (Artigo 5), establece que lles corresponde aos concellos *“Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas que correspondan en relación cos espectáculos públicos e coas actividades recreativas que se desenvolvan dentro do termo municipal, incluídas as de carácter extraordinario”*.
- O artigo 4 da mesma lei, dentro das competencias autonómicas (Artigo 4), establece que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas *“autorizar a celebración dos espectáculos e actividades recreativas que se desenvolvan en mais dun termo municipal da Comunidade Autónoma, segundo ao procedemento que deberá ser aprobado no prazo máximo dun ano dende a entrada en vigor da lei”*.
- En consecuencia, os concellos asumirán esta función dentro da competencia municipal en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas sempre e cando os espectáculos públicos e as actividades recreativas discorran integramente dentro do termo municipal correspondente.

- **Sobre o prazo de presentación da solicitude de autorización autonómica:**

- Tal e como establece o artigo 6 do Decreto 98/2020, do 2 de xullo, *“a persoa organizadora do espectáculo público ou da actividade recreativa deberá solicitar a autorización ante o órgano competente, cunha antelación mínima de **30 días** da data prevista para a súa celebración”*.

\*Cómpre aclarar que a antelación mínima refírese a **30 días hábiles**.

Un saúdo.

Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior

Xefatura Territorial de Pontevedra

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

